



# Xosé Monteagudo



© Praza.gal

1

Xosé Monteagudo Folgar naceu en Santa Xusta, Moraña en 1965. Licenciado en dereito pola USC traballa como técnico de facenda na Axencia Tributaria de Pontevedra. Exerce a crítica literaria e imparte obradoiros literarios sobre narrativa.

Ten colectado un mollo de premios coma o Pedrón de Ouro en varias ocasións. O Blanco Amor de novela no 2002 por *As voces da noticia* (Galaxia). En 2006 publica *Esta historia* (Galaxia) novela ambientada na Compostela universitaria dos 70. En 2009 gaña o García Barros por *Un tipo listo* (Galaxia) En 2012 publica *O curioso mundo das persoas normais*, novela inspirada nun feito ocorrido no Hospital de Pontevedra onde un rapaz permanece recluído toda a vida por mor dunha doenza de nacemento.

Por *Todo canto fomos* (Editorial Galaxia 2016) recibe o premio San Clemente e o premio Gala do libro galego, ambos os dous en 2017. Con todo, moitas voces autorizadas suxiren, pola gran calidade desta novela, que sería merecente do máis alto galardón da literatura galega, se existise tal.

En 2021 publica *Eternity* (Galaxia), obra coa que gaña o Premio Repsol de Narrativa Breve.

Fontes: <https://devellabella.com/todo-canto-fomos-de-xose-monteagudo-por-fernando-fernandez/>  
<https://euseino.org/autores/xose-monteagudo/>



## Entrevista a Xosé Monteagudo por César Lorenzo Gil (Biosbardia, 2017)

*Todo canto fomos* (editada por Galaxia), é unha novela-río que percorre varias xeracións da mesma familia durante máis ou menos un século. Para narrar esta historia, o seu autor, Xosé Monteagudo (Moraña, 1965) escolle unha estrutura con planos paralelos, nun zigzague de valse que nos descobre o século XX galego.

**A idea narrativa de *Todo canto fomos* é clásica mais a forma de contar a historia é novidosa. Por que escolleu ir presentando os personaxes in media res, cada cal no seu tempo, todos compartindo o tempo de todos?**

Coido que esa estrutura narrativa é a única que podía ter esta novela. É a maneira que encontrei para poder manter a atención do lector durante todo o texto. Para que poida encontrar sorpresas e xiros na trama. Pensei que era a maneira menos previsible de explicar a evolución desta saga familiar. Noutras miñas novelas xa introducira os planos paralelos mais esta foi a primeira ocasión na que tamén opto pola técnica da simultaneidade de planos temporais. Era ideal para atinxir un período histórico tan longo.

**E tan longo. Cen anos, mes arriba mes abaixo. Escoiteille nalgunha entrevista que era unha cifra importante no libro. Por que?**

Alén dos números redondos, o que me interesaba era falar dun período que modificou por completo a estrutura social, política e económica de Galicia. Até máis ou menos o século XX, a vida dos galegos foi máis ou menos parecida durante cinco séculos mais o cambio que se deu no período do que se fala nesta novela foi total. Eu quería explicar esa transformación.

**Nese período de tempo, que vostede trata no libro, hai un acontecemento que marca, non só a novela senón a nosa propia historia, a Guerra do 36. Non sei se era consciente do perigo de que ese momento actuase como**





## Tertulias Literarias

unha especie de burato negro e absorbesse toda a trama. Como conseguiu esquivar esa “atracción fatal”?

Por suposto que era consciente e tampouco podía obviar o que había significar non só para os personaxes da miña novela senón para a propia historia de Galicia. Mais eu non quería escribir “outra novela da guerra”. Non vou dicir que estea moi tratado o tema porque ese é un tema discutible pero si está claro que hai abundante obra de ficción que se desenvolve neses anos e eu non quería repetir argumentos nin caer en tópicos. Sabía que era unha fase moi poderosa no libro pero coido que souben “repartir as cargas”, ampliar o foco sobre outros momentos da historia e esquivar os tópicos sobre a época.

**Vostede non confeccionou un mosaico sobre a Galicia desa época senón que a novela fala dunha saga familiar concreta. Por exemplo, todos os personaxes son do bando republicano. É coma se baixo a ficción houberse unha historia real que quería contar.**

Hai trazas de personaxes e situacións reais nos protagonistas. E aparecen cos seus nomes personaxes reais da Pontevedra dese tempo, caso de Alexandre Bóveda ou Castelao. É certo que eu non quería reproducir a Galicia “real” senón fixarme nas situacións dunhas personaxes concretas, que en efecto estiveron no bando perdedor. Pero explico, a través das súas vivencias, por que estiveron no bando perdedor, por que foron reprimidas as súas arelas. E aínda que son personaxes inventadas, quen lea o libro pode encontrar reflexos en persoas reais. Velaí o caso da mestra que favorece mellorar a escola rural á que é destinada. Cantas mestras houbo así na Galicia daquel tempo?

**Hai un personaxe, que podemos cualificar como fundador da saga, Amaro, que ten moitos puntos de interese. É un emigrante que chega á Arxentina cunha man diante e outra detrás, que consegue facerse rico, que volve a Pontevedra, que funda empresas e medios de comunicación, que segue a ter fortuna mais que acaba represaliado polos golpistas do 36.**

Sería moi simplista pensarmos que non houbo persoas de clase media ou alta que foron vítimas do franquismo. O golpe perseguiu ideoloxías e foi implacable. E en Galicia, no primeiro terzo do século XX, creárase unha clase con diñeiro que



## Tertulias Literarias



confiaba no progreso do país, que puxo o seu patrimonio ao servizo doutro modelo, que intentou, sen conseguilo, modernizar aquela terra da que a meirande parte deles foran expulsados cara á emigración. Amaro é un personaxe de ficción pero ten moito dalgúns homes parecidos que na Pontevedra do 36 foron represaliados, caso do médico Amancio Caamaño, que tiña a súa propia clínica, e que foi asasinado na Caeira a finais do 1936.

**Hai un personaxe na novela que resulta central: o escritor. El é quen se supón que conta a historia mais tamén é o fío derradeiro na saga e formula algúns dilemas da profesión que non sei se vostede vive.**

Somos escritores moi distintos. El vive en Londres. Intentou publicar unha novela sen éxito mais case de casualidade crea unha serie de novelas do policía Murray e consegue grandes vendas.

**Mais si é interesante como encara o proxecto de escribir a saga da súa familia a partir dos apuntamentos de súa nai. Como pensa que publicar esta novela pode resarcilo da sensación de que non escribe aquilo que quere, sobre todo non do nivel que quere. Non é algo inxenuo ao pensar que os seus lectores lle van gabar o cambio? Non buscan os lectores de novela comercial que o autor sexa fiel ao seu universo?**

Pode ser. Niso non me meto. Non coñezo o mundo do best-seller. O que si é importante é entender que o escritor da novela se sente incómodo co papel que tivo que adoptar logo de non conseguir publicar co seu primeiro libro. El (e eu de paso) pensa que son cousas diferentes, literaturas de diferente signo.

**E xa falando de vostede como escritor, non sei se na narrativa galega actual hai tentación de escribir outro tipo de libros para conseguir maiores vendas. E non digo que Todo canto fomos sexa precisamente un libro pouco lido, xa que está entre os máis vendidos do ano.**



## Tertulias Literarias

5

Si penso que hai camiños, digamos, máis rápidos, para aumentar as vendas. Non digo que eu puidese obter ese éxito entre os lectores pero si que coñezo as fórmulas e incluso coido que son quen de saber usalas. Pero non me interesa. Prefiro facer a literatura que me gusta. Non necesito máis ca ese impulso para escribir. Estou encantado de que os meus libros gusten e de emocionar os lectores pero se para conseguilo teño que renunciar ao meu xeito de ver a literatura, non me compensaría.

*“O ensino medio, en vez de fomentar a lectura, en realidade, frustra a motivación dos lectores”*

*“Reprodúcese un sistema [...] vello e repetitivo [...] e iso, coido, é un erro.”*

Vostede resumiu as súas ideas sobre as relacións entre a literatura galega, a edición e o ensino nun recomendable texto sobre o que non cómpre redundar. Mais si me interesa un dos puntos centrais da súa análise: a influencia que ten o ensino no condicionamento das técnicas, enfoques e modelos narrativos. De tanto querer agradar, pode a nosa literatura non agradar a ninguén?

Se unha literatura renuncia a gañar lectores, ten un problema. Se nos acomodamos a un modelo no que se compoñen libros de non máis de 200 páxinas, cunha estrutura liñal e un enfoque o máis “branco” posible, que esperamos que pase? Haberá compradores/lectores obrigados por un plan de estudos pero non haberá lectores adultos cuxa decisión autónoma e libre sexa comprar un libro en galego. Polo tanto, dáse o paradoxo de que o ensino medio, en vez de fomentar a lectura, en realidade, frustra a motivación dos lectores.

**Vostede reclama que o ensino sexa un actor no sistema editorial mais con outros fins.**

Hai moitos xeitos de promover a literatura nas aulas. Agora, maioritariamente, non se está facendo. Reprodúcese un sistema, cultívase un modelo, vello e repetitivo, non se estimula o suficiente a creatividade e a innovación, nin para a escrita nin para a lectura. E iso, coido, é un erro.



## Tertulias Literarias

Na súa traxectoria, vostede gañou os premios Blanco Amor e García Barros e afianzou un modelo de narrativa con diferentes perspectivas pero si coherente. Gustaríame saber quen son os escritores que inflúen no seu xeito de entender a literatura.

6

Iso foi e irá mudando. En cada tempo, cada lector ten as súas referencias. Cada escritor vai descubriendo, admirando, decepcionándose, reenfocando determinados autores. Arestora eu podería citar unha presada de nomes que me interesan como lector-escritor e que coido que deixan a súa pegada na miña literatura dun xeito inconsciente. James Salter, Karl Ove Knausgaard, Jeffrey Eugenides, Ian McEwan, Jonathan Frazen... Por riba de todos destaco a William Faulkner. Porque Faulkner é para min un mestre, un escritor que demostrou que se pode facer sempre boa literatura mudando todo o seu concepto literario en cada libro. Esa capacidade para a diversidade admírame del.



© Ramón Leiro. La Voz de Galicia

Cal é o seu carácter como escritor. Escribe con rutinas ou por impulsos?

Polo xeral, escribo polas tardes, cinco días por semana. Catro horas diarias. Necesito esa rutina coma o deportista o adestramento. Preciso concentrarme en cada

# 2021-2022



## Tertulias Literarias

proxecto. Sempre acabei as novelas unha detrás doutra agás no caso de *Todo canto fomos*, que a deixei parada para escribir, en tres meses, *O curioso mundo das persoas normais*, obra na que si houbo certo impulso, que naceu logo de ler que no hospital provincial morrera un home que practicamente vivira internado toda a súa vida.

7

### Como flúe o seu universo literario. É planificador?

Intenteino unha vez. Quixen crear un esqueleto, un roteiro. Logo fixen o que me petou. O interesante de escribir é non saber cara a onde te dirixes. Sempre digo que son máis un escritor de agulla de marear ca de plano.

### Escribe moito para a gabeta?

Si que son un escritor que traballa máis por subtracción ca por adición. Adoezo das novelas ás que lles sobran páxinas e tento reducir as miñas obras até o imprescindible. No caso de *Todo canto fomos*, o primeiro borrador era moi voluminoso. Houbo algunha parte, especialmente as que trataban máis o personaxe de Amaro, que me deu algo de mágoa eliminar. Pero coido que ao final ese traballo con el nótase, é un protagonista rico, profundo.

### Cando sabe onde rematar a poda?

Probo a abrir o libro por calquera lado e eliminar dúas páxinas. Enténdese a historia sen ese texto? Se a resposta é si é que esas páxinas non son imprescindibles.

**Na propia novela, vostede agradece explicitamente o traballo do seu editor, Carlos Lema. A figura de Lema é gabada polas súas calidades como editor, no sentido de profesional que non só revisa senón que estimula o autor a mellorar o texto.**

E comparto esa loanza. Lema é, en efecto, o mellor especialista en editing da literatura galega. Desde a miña primeira obra publicada beneficieime do seu saber e recoñezo que me custaría moito prescindir da súa mirada de lector que enriquece a obra do escritor.


### Xa por último, que libros hai na súa mesa de noite?



Rematei *Nordeste* (Galaxia), de Daniel Asorey. Quero empezar *A candidata*, de Miguel Sande (tamén publicada por Galaxia) e *Pasaia Blues*, de Harkaitz Cano (publicada en galego por Hugin e Munin). Regaláronme e está aí pronta para ler *O dobrón de a oito* (Xerais), de Alberto Fortes.

<https://biosbardia.wordpress.com/2017/01/09/xose-monteagudo-son-mais-de-escribir-con-agulla-de-marear-ca-con-plano/>

## A crítica de Lecturafilia (2016)



*“Ás veces pregúntome que misteriosas propiedades ten o tempo para que, sen que nada cambie, todo sexa diferente”.*

Para coñecer o noso presente é preciso que sempre botemos a nosa vista atrás, cara ese pasado que nos precede e que nos inflúe máis directamente do que pensamos. Ata chegar ao que hoxe somos, os nosos antepasados tiveron que transitar por uns camiños non sempre doados.

Sobre esta interacción entre o pasado e o presente e a nosa historia reflexiona o escritor Xosé Monteagudo na súa última novela titulada precisamente *Todo canto fomos*, a cal percorre moitas das arestas da historia galega do pasado século. Ese presente aparécenos da man dun escritor de novelas policiais que amence un día coa noticia da morte da súa nai e que descobre que na vida da súa nai atópanse agochadas certas mentiras obrigadas polo tempo vivido. Este home, afincado en Londres, volve á súa Pontevedra natal para levar consigo uns escritos cos que descubrirá o seu pasado e novelará no seu próximo libro.

En capítulos breves e con moito ritmo, o autor vainsos bosquexando, sen tregua, as vidas de varios personaxes en tempos moi diferentes, que se confunden co noso: un





## Tertulias Literarias

home que emigra a Buenos Aires e alí consegue o éxito laboral, unha mestra que soña con cambiar o mundo da aprendizaxe e ensinar ás mulleres, unha moza que rexenta a librería dos seus pais e que coñece o amor a través dos libros, e ata un rapaz con familia mariñeira que remata por ser un estudoso do galeguismo. Eles son a alma dunha Galiza que se foi, pero que é a nosa, a dos que nos precederon.

9

Todo canto fomos lévanos inevitablemente a todo o que hoxe somos, esa é a realidade que se transpira nestas historias que derivan nunha saga familiar que non podes parar de ler, cuns personaxes cos que te encariñas facilmente. Todos eles e elas son prototipos dun tempo, aínda que destaco a figura de Carlota, a mestra que non dubidou en crear unha pequena escola nunha vila galega na que ensinar a ler e a escribir ás mulleres rurais que daquela non tiñan máis formación que a de facer as tarefas da casa. O cometido de querer cambiar o mundo sempre acaba chocando cos intereses das persoas do poder, e iso é o que a ela lle acontece. Aínda que todos os personaxes están maxistralmente trazados, Carlota é para min todo un símbolo, unha persoa que sentín como unha irmá miña, e coa que me identifiquei dende o primeiro momento.

E mentres toda a nosa historia pasa diante dos nosos ollos, o escritor que indaga nas raíces da súa familia, reflexiona sobre o oficio de escribir, sobre os quebracabezas que se atopan na mente de todo novelista, a interacción entre realidade e ficción e as marxas entre unha e outra, a calidade dunha novela e a súa relación coas vendas, o sentido e os porqués da escrita no mundo... Por iso non resulta estraño que poidamos ver a Xosé Monteagudo tras este personaxe, que me levan de novo a comparalo coa narradora que se atopa tamén no último libro de Inma López Silva, *Aqueles días nos que eramos malas*, publicada tamén na Editorial Galaxia.

Fonte: <https://lecturafilia.com/2016/09/09/todo-canto-fomos/>



## A opinión de Manrique Fernández (Blog "O meu andel", 2016)

Adentrarnos en *Todo canto fomos* (probablemente un dos títulos máis atinados que o autor puidese manexar), significa percorrer o derradeiro século collidos da man de Xosé Monteagudo para adentrarnos nunha novela grande en formato (supera as 500 páxinas), e cunha estrutura moi traballada.

Para entender isto convén saber que, neste caso, comezamos o relato a través de cinco historias diferentes, con distintos protagonistas, escenarios, mesmo situación temporal. Dende un rapaciño que cruza o Atlántico na procura de fortuna nos confíns do século XIX, ata un escritor actual, de orixe galega pero afincado en Londres, que recibe da súa nai recentemente falecida unha morea de escritos nos que pescudar no seu propio pasado para darlle a volta á súa realidade. E no medio, unha mestra rebelde na Galicia prerrepública, a propietaria dunha librería en pleno franquismo, e un historiador asoballado polo golpe de Estado que deu lugar á Guerra Civil.



Todas as historias desenvólvense con independencia unhas das outras, o que non deixa de provocar no lector certo grao de confusión inicial. Pero ben adentrados nas súas páxinas é cando comezamos a descubrir, paseniño, case sen decatarnos, que entre algúns dos protagonistas destes relatos se estableceron unha serie de relacións que, finalmente, rematan por argallar unha historia común que percorre dun extremo ao outro a Galicia do século XX.

A habilidade demostrada por Monteagudo para que o lector non se perda entre tal maremagnum de situacións, datos e nomes, resulta gratamente sorprendente. A estrutura de todo o relato, con constantes saltos no espazo e no tempo, mesmo misturando realidade e ficción en determinados momentos, forma parte dunha engranaxe perfectamente calculada e engraxada como para que a lectura desta novela resulte gratificante; un auténtico mecanismo de relojería que funciona á perfección.





Convén salientar que os personaxes están tan ben trazados que gozan da credibilidade do lector ao longo de todo o relato, aínda a pesar da evolución que sofren algúns deles case sen dactarnos. Pero nas derradeiras páxinas é doado percibir que o Amaro ancián, por exemplo, nada ten que ver co rapaz inocente que cruzaba o Atlántico; que o escritor, a pesar do pouco tempo transcurrido no seu caso entre o principio e o remate da historia, nunca volverá a ser o mesmo, ou que a nena Maribel que vivía no orfanato foi superada polas circunstancias da vida ao chegar á trintena. E no medio, personaxes memorables, coma Carlota, a mestra coa que resulta doado empatizar xa dende a súa presentación.

Para engraxar toda esta complicada maquinaria, Monteagudo escapa da linguaxe rebuscada en favor dunha mensaxe directa, clara e sempre precisa, algo que o lector agradece á hora de enfrontarse a unha historia da que el mesmo forma parte sen sabelo.

Fonte: <https://manriquefdez.wordpress.com/2016/07/02/xose-monteagudo-todo-canto-fomos/>

## A crítica de GalizaCultura (2020)

A estrutura deste libro contrapón as vidas de distintas xeracións dunha mesma familia ao longo do s.XX. Este percorrido xenealóxico iníciase coa nova da inminente morte da nai do narrador, e mantén o interese da trama ata o final, a pesares da que a cantidade de datos, froito dunha inxente laboura de documentación, ralentiza o ritmo narrativo.

Tamén a metaliteratura ten un papel relevante nesta novela, a través desa voz narradora e dos diarios e documentos que lle legan algúns dos seus antepasados e que lle permiten ao fin descubrir o segredo da nai, completando así o quebracabezas familiar para a seguinte descendente da saga.

Curiosamente, atopamos certas coincidencias con *O Hibisco púrpura*, lido anteriormente: nos dous casos trátase de 'historias de familia', onde as tensións e enfrontamentos xorden da imposición patriarcal; a diferenza do pequeno ciclo de crise que presenta a nixeriana, o autor galego desenvolve unha secuencia dilatada



## Tertulias Literarias

temporalmente, o que lle permite atinxir as grandes etapas históricas do século vinte.

Nas dúas, a estrutura contribúe a dar graza ao conxunto, constituíndose como eixo fundamental, que obriga a quen le a ir colocando pezas para compor unha imaxe final. Na primeira delas, hai que recoller con atención pequenos fíos soltos que vai deixando a autora ao longo da narración, mentres que na de Monteagudo, trátase de atopar o encaixe de historias e personaxes que se intúe que van confluír nalgún punto do argumento, pero non é doado anticiparse ao relato, pois, ao igual que no libro de Ngozi, vaise avanzando na trama de través, sen que nada se conte de xeito directo.

<http://galizacultura.gal/blog/todo-canto-fomos-de-xose-monteagudo/>



Xosé Monteagudo e Fernando Aramburu

### Xosé Monteagudo, Fernando Aramburu y Ralf Rothmann, ganadores de los premios San Clemente 2017

El criterio del lector es el que manda. Es lo que hace especiales y menos previsibles a los premios San Clemente. El fallo de la vigésimo tercera edición llega con un título esperado: *Patria*, de Fernando Aramburu, y otro más sorprendente, como es



## Tertulias Literarias

el caso de *Morir en primavera*, de Ralf Rothmann. En lengua gallega, la novela seleccionada ha sido, *Todo canto fomos*, de Xosé Monteagudo.



Por "el tratamiento en la evolución y desarrollo de los personajes, sumado a una visión realista de la sociedad vasca y una narración sin tapujos del conflicto". Por ser "un relato antibelicista maravilloso" contado desde la poco habitual "perspectiva nazi". **Por abordar temas que han marcado la historia del siglo XX, como el franquismo o la emigración.** Son los argumentos en los que se basa la decisión del jurado en cada una de las categorías (novela en castellano, en lengua extranjera y gallego, respectivamente).

El nombre del autor o la opinión de la crítica no siempre se corresponden con la decisión del jurado, formado por jóvenes de 17 años de 6 centros gallegos y 5 extranjeros. De ahí que la novela de Ralf Rothmann haya desbancado a *La guitarra azul*, del irlandés John Banville. El director del instituto Rosalía de Castro, centro





## Tertulias Literarias

impulsor de los premios, ha felicitado a los alumnos porque el criterio se ha impuesto al nombre. Criterio que ya dejó fuera en su día a Gabriel García Márquez.

Fonte: [https://cadenaser.com/emisora/2017/11/08/radio\\_galicia/1510158666\\_076146.html](https://cadenaser.com/emisora/2017/11/08/radio_galicia/1510158666_076146.html)

### Obras de Xosé Monteagudo nas Bibliotecas de Oleiros (formato físico) e Galiciale.es (préstamo dixital)



Outras reseñas:

<https://es.paperblog.com/todo-canto-fomos-de-xose-monteagudo-4756342/>  
(Paperblog, 2018)

\*O copyright das imaxes utilizadas pertence aos/ás seus/súas respectivos/as autores/as



2021-2022